

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Designación de representantes da Mesa da Cámara no Comité de Seguridade, Saúde e Benestar Laboral da Administración do Parlamento de Galicia

O artigo 3 das Normas de funcionamento do Comité de Seguridade, Saúde e Benestar Laboral da Administración do Parlamento de Galicia (*BOPG* núm. 806, do 23 de agosto de 2001 e *BOPG* núm. 105, do 26 de abril de 2017) dispón que o Comité está composto por catro membros:

En representación da Administración do Parlamento:

- Un membro da Mesa do Parlamento de Galicia
- Un funcionario designado pola Mesa do Parlamento de Galicia

En representación do persoal:

- Dous delegados de prevención designados pola Xunta de Persoal de entre os seus membros

Para os efectos de actualizar a composición representativa da Administración do Parlamento, adóptase o seguinte ACORDO:

1º. Designar como representantes da Administración parlamentaria no Comité de Seguridade e Saúde os seguintes titulares e suplentes:

Titulares: María Montserrat Prado Cores (vicepresidenta 2ª da Mesa) e Javier Freire González (xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior).

Suplentes: Marina Ortega Otero (vicesecretaria da Mesa) e Martín Nercellas Méndez (técnico do Servizo de Persoal e Réxime Interior).

2º. Comunicar este acordo aos interesados e mais ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da Cámara.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

